

ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA DA COMISIÓN INFORMATIVA DE INFRAESTRUTURAS, EQUIPAMENTOS PÚBLICOS E MOBILIDADE DO 8 DE SETEMBRO DE 2023

PRESIDENTA: D^a. MARIA ISABEL COUSELO TORRES

PRESID. SUPLENTE: D. RAFAEL DOMÍNGUEZ ARTIME

VOGAIS:

D^a. MARTA FERNÁNDEZ-TAPIAS NÚÑEZ

D. JORGE CUBELA LÓPEZ

D. JOSÉ CARLOS LÓPEZ CAMPOS

D^a. MARÍA PILAR RAMALLO VÁZQUEZ

D. MANUEL ALEJANDRO LORENZO ALONSO

D. JESÚS VÁZQUEZ ALMUIÑA

D^a. MARÍA NAVA CASTRO DOMÍNGUEZ

D. CARLOS LÓPEZ FONT

D. CARLOS GÓMEZ PRADO

D^a. DIGNA ROSA RIVAS GÓMEZ

D. GREGORIO LUIS AGÍS GÓMEZ

D. GORKA GÓMEZ DÍAZ

D. JAVIER IGLESIAS MOUGÁN

D^a. BEATRIZ LOMBA RODRÍGUEZ substituíndo a D. Xosé Cesáreo Mosquera Lorenzo

D^a. MARÍA MANUELA RODRÍGUEZ PUMAR

Sendo as dez horas e quince minutos do día 8 de setembro de 2023, reúnese a Comisión Informativa de Infraestruturas, Equipamentos Públicos e Mobilidade.

Preside a sesión María Isabel Couselo Torres e asisten as deputadas/os que se relacionan á marxe.

Actúa como secretario, por delegación do secretario xeral, Andrés Carlos Fernández Lucas, técnico de xestión do servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais.

Aberta a sesión pola Presidencia, adoptáronse os seguintes acordos:

1.- Constitución da Comisión Informativa de Infraestruturas, Equipamentos Públicos e Mobilidade.

O Secretario informa que o Pleno da Deputación de Pontevedra na sesión extraordinaria urxente que tivo lugar o día 4 de agosto de 2023, adoptou entre outros o acordo de creación das comisións informativas atendendo ás grandes áreas en que se estruturan os servizos provinciais. Entre as comisións informativas creadas figura a de Infraestruturas, Equipamentos Públicos e Mobilidade, integrada por 17 Deputadas e Deputados, representando a todos os Grupos Políticos na seguinte proporción: 9 membros do Grupo Provincial do Partido Popular; 6 membros do Grupo Provincial do PSdeG-PSOE e 2 membros do Grupo Provincial do BNG.

De conformidade coa Resolución Presidencial número 2023006627 de data 29 de agosto de 2023 a composición concreta da Comisión Informativa de Infraestruturas, Equipamentos Públicos e Mobilidade é a seguinte;

- D^a. María Isabel Couselo Torres
- D. Rafael Domínguez Artime
- D^a. Marta Fernández-Tapias Núñez
- D. Jorge Cubela López
- D. José Carlos López Campos



- D^a. María Pilar Ramallo Vázquez
- D. Manuel Alejandro Lorenzo Alonso
- D. Jesús Vázquez Almuiña
- D^a. María Nava Castro Domínguez
- D. Carlos López Font
- D. Carlos Gómez Prado
- D^a. Digna Rosa Rivas Gómez
- D. Gregorio Luis Agís Gómez
- D. Gorka Gómez Díaz
- D. Javier Iglesias Mougán
- D. Xosé Cesáreo Mosquera Lorenzo
- D^a. María Manuela Rodríguez Pumar

Non asiste a esta reunión o Deputado, Don Xosé Cesáreo Mosquera Lorenzo, sendo substituído pola Deputada, Dona Beatriz Lomba Rodríguez.

O Secretario informa así mesmo que por Resolución Presidencial número 2023006628 de data 29 de agosto de 2023, o Presidente da Deputación de Pontevedra acordou nomear Presidenta efectiva da Comisión Informativa de Infraestruturas, Equipamentos Públicos e Mobilidade, a D^a. María Isabel Couselo Torres, e como suplente a D. Rafael Domínguez Artime.

Estando presentes a maioría das Deputadas e Deputados que compoñen esta Comisión Informativa, a presidenta efectiva, D^a. María Isabel Couselo Torres, declara constituída a Comisión Informativa de Infraestruturas, Equipamentos Públicos e Mobilidade.

2.- Aprobación da proposta de cambio de titularidade e posterior entrega ao Concello de Tui da E.P. 3002 Acceso a Malvas, da E.P. 3004 Acceso á igrexa de Caldelas, dun treito da E.P. 2502 Cerquido – Ribadelouro e dun treito antigo da E.P.2502 Cerquido – Ribadelouro. (Expediente 2021007016).

A Comisión ditamina favorablemente a aprobación da proposta de cambio de titularidade e posterior entrega ao concello, cos votos a favor dos membros do Grupo Provincial do Partido Popular e do Grupo Provincial do BNG e as abstencións dos membros do Grupo Provincial do PSdeG-PSOE.

D. Carlos López Font, voceiro do Grupo Provincial Socialista, realiza unha explicación do sentido da votación dos vogais do seu Grupo Provincial na que textualmente di:



"Os vogais do Grupo Provincial do PsdG-PSOE desta Comisión Informativa, abstéñense neste punto, dado que se corresponde cunha xestión do goberno anterior e en repulsa ás calumnias e difamacións do Presidente da Deputación sobre a xestión económica do anterior goberno.

Entendendo que esta abstención non causa prexuízo algún ao Concello correspondente".

3.- Aprobación da proposta de cambio de titularidade e posterior entrega ao Concello da Illa de Arousa dun treito da E.P. 9803 Embarcadoiro – Centro e de dous treitos antigos, un na E.P. 9801 Ponte – A Laxes e outro na E.P. 9802 Estrada das Aceñas. (Expediente 2021003954).

A Comisión ditamina favorablemente a aprobación da proposta de cambio de titularidade e posterior entrega ao concello, cos votos a favor dos membros do Grupo Provincial do Partido Popular e do Grupo Provincial do BNG e as abstencións dos membros do Grupo Provincial do PSdeG-PSOE.

D. Carlos López Font, voceiro do Grupo Provincial Socialista, realiza unha explicación do sentido da votación dos vogais do seu Grupo Provincial na que textualmente di:

"Os vogais do Grupo Provincial do PsdG-PSOE desta Comisión Informativa, abstéñense neste punto, dado que se corresponde cunha xestión do goberno anterior e en repulsa ás calumnias e difamacións do Presidente da Deputación sobre a xestión económica do anterior goberno.

Entendendo que esta abstención non causa prexuízo algún ao Concello correspondente".

4.- Aprobación da proposta de cambio de titularidade e posterior entrega ao Concello de Marín da E.P. 1205, Acceso á praia de Aguete e do treito final da E.P. 1204 Acceso á praia de Loira. (Expediente 2021035022).

A Comisión ditamina favorablemente a aprobación da proposta de cambio de titularidade e posterior entrega ao concello, cos votos a favor dos membros do Grupo Provincial do Partido Popular e do Grupo Provincial do BNG e as abstencións dos membros do Grupo Provincial do PSdeG-PSOE.

D. Carlos López Font, voceiro do Grupo Provincial Socialista, realiza unha explicación do sentido da votación dos vogais do seu Grupo Provincial na que textualmente di:

"Os vogais do Grupo Provincial do PsdG-PSOE desta Comisión Informativa, abstéñense neste punto, dado que se corresponde cunha xestión do goberno anterior e en repulsa ás calumnias e difamacións do Presidente da Deputación sobre a xestión económica do anterior goberno.

Entendendo que esta abstención non causa prexuízo algún ao Concello correspondente".



5.- Aprobación da proposta de cambio de titularidade e posterior entrega ao Concello de Valga do treito antigo da E.P. 8503 Cordeiro - Senín. (Expediente 2021040634).

A Comisión ditamina favorablemente a aprobación da proposta de cambio de titularidade e posterior entrega ao concello, cos votos a favor dos membros do Grupo Provincial do Partido Popular e do Grupo Provincial do BNG e as abstencións dos membros do Grupo Provincial do PSdeG-PSOE.

D. Carlos López Font, voceiro do Grupo Provincial Socialista, realiza unha explicación do sentido da votación dos vogais do seu Grupo Provincial na que textualmente di:

"Os vogais do Grupo Provincial do PsdG-PSOE desta Comisión Informativa, abstéñense neste punto, dado que se corresponde cunha xestión do goberno anterior e en repulsa ás calumnias e difamacións do Presidente da Deputación sobre a xestión económica do anterior goberno.

Entendendo que esta abstención non causa prexuízo algún ao Concello correspondente".

E non habendo máis asuntos que tratar o presidente levanta a sesión sendo as dez horas e vinte minutos do que eu, secretario, dou fe.

Documento datado e asinado dixitalmente.

